

## Tema 20

# O FRANQUISMO: POLÍTICA ECONÓMICA

### AUTARQUÍA E ESTANCAMIENTO ECONÓMICO



A Guerra Civil e a posguerra supuxeron unha interrupción do proceso de modernización económica que estaba a vivir a sociedade española. O retroceso, reflectido nos indicadores económicos, foi tal que ata os anos 50 non se recuperaron os niveis de actividade de mediados dos anos 30.

Este estancamento debeuse só parcialmente ás destrucións ocasionadas pola guerra -as provocadas en Europa pola II Guerra Mundial foron maiores e, non obstante, a recuperación foi moito máis rápida-. Maior importancia tivo o tipo de política económica seguida polas autoridades franquistas na inmediata posguerra, a cal se definía por dous trazos: a busca da **autarquía**, coa que se pretendía converter a España nun país economicamente autosuficiente, e o **intervencionismo estatal**, que viña substituír parcialmente ao funcionamento do mercado.

**Elementos clave** desta política foron:

- **Un férreo control do comercio exterior**, que esixía licencias administrativas para a exportación ou importación de calquera produto e provocou unha drástica redución dos intercambios.
- **O fomento da *producción industrial*** e a primacía outorgada ás industrias de bens de equipo. O Estado concedía fondos públicos ás novas empresas, así como privilexios e estímulo ás consideradas de maior interese.
- **A creación de *empresas públicas***. Salienta a nacionalización das empresas ferroviarias (RENFE) e da TELEFÓNICA e a creación do *Instituto Nacional de Industria* (INI, 1941). O INI constituía unha especie de "holding" estatal destinado á promoción de sectores estratéxicos que requirían grandes investimentos (construción naval, siderurxia, enerxía, material de transporte... ).



SEAT, empresa fundada polo INI en 1950

Esta política económica conduciu a resultados desastrosos, o que lle impediu a España aproveitar a conxuntura económica favorable que viviu Europa despois da Guerra mundial. Entre os seus efectos pódense citar o desabastecemento de produtos básicos -que deu lugar aos fenómenos do "estraperlo" e o "mercado negro"-, a redución do consumo privado, a perda de competitividade exterior, a falta de divisas ou un empeoramento das

condicións de vida das clases populares ao subir máis os prezos que os salarios. O descenso da produción e a escaseza de alimentos impuxeron o racionamento. Mediante a cartilla de racionamento repartíanse entre a poboación algúns produtos de primeira necesidade. Foron os anos da fame.

Foi a conciencia deste fracaso o que levou ás autoridades franquistas a cuestionarse, nos anos 50, a política económica seguida ata o momento. Fóronse introducindo cambios -como a suavización dos controles produtivos, a supresión das cartillas de racionamento, a flexibilización dos prezos, unha maior apertura económica ao exterior... - que lograron mellorar os índices produtivos. Pero estes cambios careceron de coordinación e os seus efectos foron limitados ata a posta en marcha do *Plan de Estabilización* de 1959, o cal sentou as bases da chamada "década desarrollista" dos anos 60.

### **PLAN DE ESTABILIZACIÓN E ODESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

---

A partir de 1960 reanudouse en España o proceso de modernización económico e social iniciado a comezos do S.XX e interrompido pola Guerra Civil e a posguerra. O extraordinario crecemento económico acadado nos anos seguintes explícase por **dous factores**: a conxuntura expansiva da economía internacional e europea e a habilidade dos responsables da política económica para arbitrar medidas que lle permitiran ao país aproveitar esa conxuntura.

A adopción do **Plan de Estabilización (1959)** foi obra do goberno formado dous anos antes, no que tiñan un forte peso os **tecnócratas** vinculados ao "Opus Dei". O proxecto deste sector consistía en modernizar económica e socialmente España sen alterar no esencial a estrutura política do réxime. Co Plan poñíasele fin ao soño autárquico e respondíase á necesidade de conseguir ouro e divisas para facerlle fronte ao déficit da balanza comercial.

Os **obxectivos** perseguidos eran dous:

- **desmontar o modelo corporativo e abrir a economía española ao mercado**, impulsando a iniciativa privada en detrimento do anterior intervencionismo estatal excesivo, e
- **cortar a inflación e sanear as contas exteriores** a través de medidas contrativas da actividade económica (restrición do gasto público, limitación dos prezos dalgúns servizos e das taxas de interese, establecemento dun cambio fixo dólar/peseta, apertura ao exterior... )

Este programa liberalizador, compensado coa chegada de créditos de organizacións internacionais como o FMI e a OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico), completouse coa posta en marcha de **Planos de Desenvolvemento cuatrienais (1964-74)** que pretendían estimular a iniciativa privada -con vantaxes fiscais e crediticias- naqueles sectores considerados de maior interese, e creaban unha serie de "**Polos de Desenvolvemento**" cos que se intentaría, con escaso éxito, reducir os desequilibrios económicos rexionais.

Un papel fundamental no éxito desta nova política económica xogárono unha serie de **variables externas**, as cales posibilitaron a entrada de divisas en España para equilibrar a balanza de pagamentos e importar a tecnoloxía precisa para as novas actividades. O aporte de divisas procedeu da *emigración* (máis de 2 millóns de traballadores saíron de España entre 1960-1975, absorvendo a man de obra excedentaria

do sector primario), do **turismo e os investimentos exteriores** (sobre todo dos EE.UU. e Alemaña Occidental).

**Os resultados** foron espectaculares. España presentou, entre 1959 e 1966, unha *taxa de crecemento anual do PIB* superior á de calquera país europeo e incorporouse ao grupo dos países industrializados (entre 1960 e 1975 a porcentaxe de poboación activa ocupada no sector primario descendeu do 42% ao 21%, acadando o sector secundario e o terciario o 38% e o 41%, respectivamente). A *Renda Nacional* e a *Renda per Cápita* aproximáronse aos valores europeos, o que se traduciu nun incremento notable do consumo privado e do nivel de vida da poboación.



SEAT 600, un dos símbolos do "desarrollismo"

Igualmente importantes foron as **transformacións sociais**. O *proceso urbanizador* experimentou un grande salto (en 1975 o 75% da poboación vivían en municipios de máis de 20.000 habitantes) e medrou o número, especialmente nalgunhas zonas, dos *obreiros industriais* e das novas *clases medias* (profesionais liberais, executivos das empresas, funcionarios de certo nivel... ). Foise consolidando a *sociedade de consumo*, ao destinar as familia unha porción cada vez máis alta do seu presuposto a cubrir necesidades non básicas (adquisición dunha vivenda, bens de consumo duradeiros como automóviles ou electrodomésticos... ) e modificáronse as pautas de comportamento, occidentalizándose e alonxándose cada vez máis dos presupostos represivos do nacional-catolicismo (viaxes ao estranxeiro, contacto cos novos hábitos dos turistas... ). A elo tamén contribuíu a extensión da *educación*, en todos os seus niveis, a un número cada vez maior de estudantes -os fillos dos traballadores comezaron a chegar á Universidade- e a redución drástica do analfabetismo.

Con todo a sociedade española destes anos non deixou de presentar **aspectos problemáticos**: As **desigualdades sociais** acentuáronse e foron frecuentes fenómenos de **especulación e degradación do medio urbano e rural**. Igualmente, agudizáronse os **desequilibrios rexionais** e as diferenzas entre as áreas máis desenvolvidas e as máis deprimidas: estas últimas (Galicia, as dúas Castelas, Andalucía, Extremadura...) perderon uns 4 millóns de habitantes en beneficio de zonas como Cataluña, o País Vasco ou Madrid.

Imaxes : WikiComkons e Pixabay.com (Dominio Público)